



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AS CIFRAS DE POBOACIÓN

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Censo de poboación

- A poboación galega aumentou en 6.599 persoas durante o ano 2022 e quedou cifrada en **2.699.424 habitantes** no 1 de xaneiro de 2023. En termos relativos o incremento da poboación en 2022 foi do 0,25%, lixeiramente superior ao descenso do 0,2% rexistrado ao longo do ano anterior.
- A poboación estranxeira residente en Galicia aumentou durante o ano 2022 en 20.132 persoas, o que fixo que a porcentaxe de poboación estranxeira pasara do 4,4% en 2022 ao 5,2% no 2023.
- Durante o ano 2022 aumentou a poboación residente en Galicia de 15 a 24 anos nun 2,5% e diminuíu a de 25 a 44 anos nun 2,3%.
- No conxunto de España, a poboación aumentou nun 1,3% en 2022, incremento superior ao 0,2% contabilizado en 2021.
- En todas as comunidades autónomas agás Extremadura aumentou a poboación no ano 2022.

Poboación residente segundo grupos de idade. GALICIA. 1 de xaneiro de 2023

Taxa de variación do total e achegas de cada grupo de idade en %		Poboación	Var. resp. ano anterior (%)
0,2	Total	2.699.424	0,2
-0,1	De 0 a 14 anos	301.888	-1,2
0,2	De 15 a 24 anos	231.227	2,5
-0,5	De 25 a 44 anos	615.096	-2,3
0,4	De 45 a 64 anos	841.211	1,4
0,3	De 65 a 84 anos	570.769	1,5
0,0	De 85 e máis anos	139.233	-0,6

1. Cifras de poboación no 1 de xaneiro de 2023

1.1 Información xeral

No 1 de xaneiro de 2023 a poboación residente en Galicia quedou cifrada en **2.699.424 habitantes**. Con respecto ao *Censo de poboación* de 2021, a poboación galega diminuíu en 5.352 persoas (0,2%) durante 2021 e aumentou en 6.599 persoas (0,25%) durante 2022.


No total de España residían 48.085.361 habitantes no 1 de xaneiro de 2023, un 1,3% máis que o rexistrado un ano antes; isto levou a que o peso relativo da poboación galega con respecto ó total de España quedara situado no 5,6% en 2023.

Poboación residente

	GALICIA	ESPAÑA	% GAL/ESP
01/01/2021	2.698.177	47.400.798	5,7%
01/01/2022	2.692.825	47.486.727	5,7%
01/01/2023	2.699.424	48.085.361	5,6%

Fonte: INE, *Censo de poboación*

Evolución da poboación en Galicia



O incremento da poboación no ano 2022 produciuse no rango de idades de 10 a 24 anos, 6.477 persoas máis (un 1,9%), no grupo de 45 a 64 anos, que aumentou en 11.303 persoas (un 1,4%), no de 65 a 84 anos, con 8.300 persoas máis (un 1,5%) e no de persoas de 90 ou máis anos, que aumentou en 2.151 persoas (un 4,1%). Pola contra, diminuíu a poboación de menores de 10 anos en 4.268 persoas (un 2,3%), o grupo de 25 a 44 anos en 14.381 persoas (un 2,3%) e o de persoas de 85 a 89 anos en 2.983 persoas, un 3,4%.

A poboación feminina de 40 ou máis anos foi máis numerosa que a masculina en 2023 e, como consecuencia, o número total de mulleres en Galicia é superior que o de homes.

Poboación residente por sexo e idade. GALICIA

	1 de xaneiro de 2023			Crecemento absoluto en 2022			Crecemento relativo en 2022		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	2.699.424	1.299.064	1.400.360	6.599	2.482	4.117	0,2 %	0,2 %	0,3 %
0 a 4 anos	79.893	40.940	38.953	-3.551	-1.918	-1.633	-4,3 %	-4,5 %	-4,0 %
5 a 9 anos	103.782	53.520	50.262	-717	-441	-276	-0,7 %	-0,8 %	-0,5 %
10 a 14 anos	118.213	61.103	57.110	747	504	243	0,6 %	0,8 %	0,4 %
15 a 19 anos	117.565	60.286	57.279	3.241	1.615	1.626	2,8 %	2,8 %	2,9 %
20 a 24 anos	113.662	58.367	55.295	2.489	1.257	1.232	2,2 %	2,2 %	2,3 %
25 a 29 anos	116.518	59.108	57.410	-771	-426	-345	-0,7 %	-0,7 %	-0,6 %
30 a 34 anos	132.912	66.856	66.056	-960	-543	-417	-0,7 %	-0,8 %	-0,6 %
35 a 39 anos	158.433	78.817	79.616	-5.493	-2.893	-2.600	-3,4 %	-3,5 %	-3,2 %
40 a 44 anos	207.233	103.331	103.902	-7.157	-3.919	-3.238	-3,3 %	-3,7 %	-3,0 %
45 a 49 anos	229.051	113.976	115.075	3.007	1.568	1.439	1,3 %	1,4 %	1,3 %
50 a 54 anos	215.969	106.131	109.838	2.399	1.148	1.251	1,1 %	1,1 %	1,2 %
55 a 59 anos	203.610	98.704	104.906	3.933	1.947	1.986	2,0 %	2,0 %	1,9 %
60 a 64 anos	192.581	92.723	99.858	1.964	882	1.082	1,0 %	1,0 %	1,1 %
65 a 69 anos	172.563	81.858	90.705	2.849	1.127	1.722	1,7 %	1,4 %	1,9 %
70 a 74 anos	158.267	73.410	84.857	2.377	1.167	1.210	1,5 %	1,6 %	1,4 %
75 a 79 anos	142.326	62.842	79.484	2.584	1.225	1.359	1,8 %	2,0 %	1,7 %
80 a 84 anos	97.613	40.051	57.562	490	391	99	0,5 %	1,0 %	0,2 %
85 a 89 anos	84.761	30.892	53.869	-2.983	-993	-1.990	-3,4 %	-3,1 %	-3,6 %
90 a 94 anos	42.178	13.152	29.026	1.930	676	1.254	4,8 %	5,4 %	4,5 %
95 a 99 anos	10.917	2.746	8.171	206	99	107	1,9 %	3,7 %	1,3 %
100 ou máis an.	1.377	251	1.126	15	9	6	1,1 %	3,7 %	0,5 %

Fonte: INE, Censo de poboación

Por nacionalidade, o número de estranxeiros en Galicia aumentou durante 2022 en 20.132 persoas, un 16,9%, ata situarse en 139.306 persoas (o 5,2% da poboación residente en Galicia). Aumentou tamén a cifra de españois residentes en Galicia nados no estranxeiro nun 3,1% e diminuíu nun 0,7% o número de nados en España pero con nacionalidade estranxeira.

Poboación residente por nacionalidade e lugar de nacemento. GALICIA

	1 de xaneiro de 2023			Crecem. absoluto ano 2022			Crecem. relativo ano 2022		
	Lugar de nacemento			Lugar de nacemento			Lugar de nacemento		
	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.
Total	2.699.424	2.417.062	282.362	6.599	-18.003	24.602	0,2 %	-0,7 %	9,5 %
Españois	2.560.118	2.410.710	149.408	-13.533	-17.957	4.424	-0,5 %	-0,7 %	3,1 %
Estranxeiros	139.306	6.352	132.954	20.132	-46	20.178	16,9 %	-0,7 %	17,9 %

Fonte: INE, Censo de poboación

1.2 Información por provincias

As catro provincias galegas gañaron poboación durante 2022; este incremento foi superior nas provincias occidentais, que concentran no seu conxunto o 76,7% da poboación de toda Galicia.

Poboación residente. Provincias

	01/01/2022	01/01/2023	% Var. Anual
GALICIA	2.692.825	2.699.424	0,2 %
A Coruña	1.119.164	1.123.884	0,4 %
Lugo	324.240	324.267	0,0 %
Ourense	304.223	304.563	0,1 %
Pontevedra	945.198	946.710	0,2 %

Fonte: INE, *Censo de poboación*

1.3. Información por comunidades autónomas

No conxunto de España, a poboación incrementouse en 598.634 persoas durante 2022; aumentou a poboación en todas as CC.AA. agás Extremadura: en Cataluña, na Comunidad de Madrid e na Comunitat Valenciana este incremento foi superior ás 100.000 persoas. En termos relativos os maiores incrementos rexistráronse na Comunitat Valenciana (2,1%), nas Illes Balears (1,9%) e na Comunidad de Madrid (1,9%).

Poboación residente. Comunidades Autónomas

	01/01/2022	01/01/2023	Crecem. absoluto	% Var. Anual
Total Nacional	47.486.727	48.085.361	598.634	1,3 %
Andalucía	8.511.167	8.584.147	72.980	0,9 %
Aragón	1.328.215	1.341.289	13.074	1,0 %
Asturias, Principado de	1.004.960	1.006.060	1.100	0,1 %
Balears, Illes	1.187.043	1.209.906	22.863	1,9 %
Canarias	2.185.607	2.213.016	27.409	1,3 %
Cantabria	585.450	588.387	2.937	0,5 %
Castilla y León	2.375.583	2.383.703	8.120	0,3 %
Castilla - La Mancha	2.058.278	2.084.086	25.808	1,3 %
Cataluña	7.761.823	7.901.963	140.140	1,8 %
Comunitat Valenciana	5.108.116	5.216.195	108.079	2,1 %
Extremadura	1.056.808	1.054.306	-2.502	-0,2 %
Galicia	2.692.825	2.699.424	6.599	0,2 %
Madrid, Comunidad de	6.743.254	6.871.903	128.649	1,9 %
Murcia, Región de	1.529.658	1.551.692	22.034	1,4 %
Navarra, Comunidad Foral de	664.514	672.155	7.641	1,1 %
País Vasco	2.205.826	2.216.302	10.476	0,5 %
Rioja, La	319.617	322.282	2.665	0,8 %
Ceuta	83.051	83.052	1	0,0 %
Melilla	84.932	85.493	561	0,7 %

Fonte: INE, *Censo de poboación*

Notas metodolóxicas

A partir do *Censo de poboación* de 2021, o Instituto Nacional de Estadística (INE) proporciona en decembro de cada ano as cifras de poboación residente en España referidas ao 1 de xaneiro dese ano, con desagregación territorial ata sección censual, obtidas coa mesma metodoloxía que a empregada no Censo de 2021, a partir de rexistros administrativos. Constitúen a cifra de poboación utilizada na produción estatística como poboación de referencia (enquisas, sistemas de contas, indicadores, proxeccións de poboación, ...).